



VOLVO OCEAN RACE


Non podemos pasar por alto neste número da revista o acontecemento de vela, aínda que non precisamente tradicional, máis importante vivido nas rías galegas. A VOLVO OCEAN RACE 2005-2006. Esta regata é considerada un dos eventos deportivos de maior éxito a nivel mundial por ser a regata máis esixente técnica e profesional. Nela participarán os barcos monocascos máis rápidos do mundo.

Hai 30 anos que foi concebida a primeira regata de volta ó mundo, que se celebra cada catro anos: WHITBREAD ROUND THE WORLD RACE - 1973.


Na súa última edición 2001-2002, a "Whitbread" foi transformada con éxito na VOLVO OCEAN RACE (V.O.R.).

Os cambios introducidos marcaron un novo carácter en canto a presuposto, tipos de barcos, deseños, avances tecnolóxicos, entrenamentos das tripulacións, etc. Anos de historia e regata deron lugar á creación do Volvo Open 60 e a súa evolución será o Volvo Open 70, cuos novos modelos competirán por primeira vez na V.O.R. 2005-2006.

A regata saíu sempre do Reino Unido, dos portos de Portsmouth e Southampton. Por primeira vez a saída vaise realizar dende un porto do Sur de Europa: Vigo, con sede compartida entre Baiona e Sanxenxo.



	Lugar de saída	Lugar de chegada.
1º Manga	Vigo	Cidade do Cabo.
2º Manga	Cidade do Cabo	Melbourne.
3º Manga	Melbourne	Nova Zelandia
4º Manga	Nova Zelandia	Río de Xaneiro
5º Manga	Río de Xaneiro	Baltimore/Anápolis
6º Manga	Anápolis	Nova York
7º Manga	Nova York	Southampton.
8º Manga	Southampton	Gotemburgo
9º Manga	Gotemburgo	a un Porto Báltico






Outra das novidades da V.O.R. será a inclusión de seis regatas costeiras, con resultados puntuables de caraá clasificación final.

En Galicia, nas Rías Baixas, celebrarase a primeira, a " Galicia Port Race" entre Sanxenxo- Vigo- Baiona, prevista para o sábado día 5 de novembro.

Nesta edición, o barco español será o Telefónica Movistar, un representante galego Pedro Campos, empresario pontevedrés e navegante de reconocido prestixio. A el e a toda a tripulación queremos (de navegante a navegante) desexarlles moita sorte e boas singladuras!

O día 12 de novembro realizarase a saída dende o Porto de Vigo. Alí estaremos.



AGRODEKO

SEMILLAS CEREALES
COMIDA ANIMALES PIENSOS

986 32 06 99
Razos Fontenla, 7 - Bueu

CENTRAL

CENTRAL DE EFECTOS NAVALES CANGAS, S.L.
Suministros Navales e Industriales

Avd. Salgueirón, 8 - bajo
Tif.: 986 30 09 78 Fax 986 30 45 00
36940 CANGAS - PONTEVEDRA
E-mail: efectosnavales@hotmail.com